



**BIBLIOTECA
2022-2023**

“HORA DE LER”

Como sabedes, unha parte fundamental do “Proxecto Lector “ é a denominada “HORA DE LER”. Con esta iniciativa, recollida en varia e constante normativa, a última nas propias “Instrucións de comezo de curso...” referidas ás Bibliotecas, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para este 2022-2023, preténdese levar adiante o **fomento da lectura e afortalar a competencia lectora no contexto educativo**.

Continuamos, xa que logo, no curso 2022-2023 coa “HORA DE LER” (HL). **É unha sesión lectiva semanal dedicada a que se lea por pracer o libro, material, etc. que o alumnado elixa. Esta HL estará marcada no correspondente calendario, que será divulgado e ficará exposto permanentemente nas aulas.**

Obviamente, é **responsabilidade do alumnado** traer o día indicado dito texto escollido libremente, como calquera outro material escolar. O libro que decida ler será traído da casa ou, se se prefire, deberá ser pedido na Biblioteca nalgún recreo dos días previos (nunca no mesmo día da Hora de Ler!). Evidentemente, nesta HL o alumnado que forma parte dalgún Club de Lectura poderá ler o libro asignado. Aínda que non descartamos máis adiante a colocación dunhas caixas por aula con algúns libros que serán seleccionados, nesta primeira fase interesa sobre todo conseguir que o alumnado se **responsabilice en traer o seu propio material de lectura**.

É labor do **profesorado** comprometerse activamente a que isto se leve a cabo. Polo tanto ese “tempo” non poderá dedicarse a ningunha outra tarefa. Agora ben, se o profesorado quixese propoñer, en determinadas ocasións, algunha lectura en relación coa súa materia, pois poderá facelo. Tamén, no caso de que unha HL coincida casualmente con algún exame marcado, o profesorado a trasladará para a súa seguinte hora co mesmo grupo.

En todo caso, para que isto se leve dunha forma positiva, ademais do compromiso xa mencionado, **cómpre ter en conta, do exposto anteriormente, o seguinte:**

1-ver no calendario que día e que hora se le: este calendario será divulgado e debe figurar exposto en cada aula tamén para que todo o mundo o coñeza e o asuma. Para maior claridade e comprensión desta iniciativa, na 1ª HL o profesorado dedicárase a informar sobre a mesma ao alumnado (pódense ler estas mesmas indicacións).

2- traer da casa (se se prefire, pode ser pedido na Biblioteca nalgún recreo dos días anteriores á HL) un **libro que nos apeteza ler** na hora do día marcado de lectura. Tamén cabe a opción de que o profesorado de dita hora propoña unha lectura, sempre coa idea de “ler para gozar”.

3-evidentemente, neste tempo non se poden causar molestias nin obstaculizar nin, moito menos, impedir a lectura.

4-colaborar para que a iniciativa teña éxito.